

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**, sobre os incumprimentos graves en materia de prevención de riscos laborais e seguridade no Parque Natural do Invernadoiro (Ourense).

O martes 4 de xullo deste 2017, no Parque Natural do Invernadoiro, un neno accidentouse rompendo a clavícula. Tivo que baixalo un traballador no coche do servizo sen poder este cumprir as normas de seguridade o non ser coñecedor das mesmas.

No 2016, unha nena atopouse mal, mareouse e sangraba polo nariz. A responsable da excursión tivo que percorrer con dous rapaces de 14 anos, preto de 7 quilómetros para coller o vehículo e ir a buscala (non podían avisar a ninguén por mor do apagón analóxico). Cando chegaron o Hospital Comarcal de Verín, pasaran máis de 3 horas dende que se puxo enferma en recibir atención sanitaria.

Hai 2 anos morreu un traballador dunha empresa externa e o ano pasado un peón sufriu un accidente e tivo problemas para realizar a evacuación.

O pasado día 14 de xullo do presente ano, a Central Intersindical Galega presentou unha denuncia en contra da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de Ourense na Inspección de Traballo e Seguridade Social o observar incumprimentos moi graves en materia de prevención de riscos laborais e de seguridade.



Dende o apagón analóxico en decembro de 2016, o persoal e usuarios/as do Parque Natural do Invernadoiro están totalmente incomunicados (non hai nin emisoras nin cobertura móbil), situación que se mantén a día de hoxe.

Non se respectan as medidas preventivas mínimas que garantan a seguridade e saúde e a vida das persoas.

Non existe Plan de Emerxencias e Evacuación e a Avaliación de Riscos co plan preventivo, e de existir, é descoñecido polos traballadores e traballadoras do Parque Natural do Invernadoiro. Non existe ningún protocolo de traballo e evacuación e non hai información nin formación en materia de seguridade e primeiros auxilios, feito mais grave pola situación de illamento territorial e de comunicación na que se atopan.

Ademais o persoal non ten EPI's adecuados, a maquinaria esta obsoleta, non teñen roupa adecuada para as tarefas e que os protexan das oscilacións térmicas características desta provincia e da alta montaña e os vehículos non son avaliados tendo algún de mais de 300.000km.

Esta situación faise en moitos casos extensiva a moitos centros da Galiza, xa que o persoal da Dirección Xeral do Patrimonio Natural non ten emisoras dende o 1 de xaneiro de 2017.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1.- Existe realmente un Plan de Emerxencia e Evacuación específico para o Parque Natural do Invernadoiro?



2.- De existir dito Plan, que grao de cumprimento ten e que formación específica posúen as traballadoras e traballadores para levalo a cabo?

3.- Ten pensado a Consellería de Medio Ambiente arranxar os problemas de cobertura móbil e dotar ás traballadoras e traballadores do parque de emisoras para desempeñar as súas labores de vixía e custodia do territorio?

Santiago de Compostela a 26 de xullo de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/07/2017 18:12:06